

QUEN PARTICIPA?

Ademais do GDR Condado Paradanta e o GDR Mariñas Betanzos, participarán como entidades colaboradoras outras organizacións, públicas e privadas, que poidan ter interese no mesmo.

No territorio do GDR Mariñas Betanzos, colaborará o Concello de Paderne; e no do GDR Condado Paradanta, serán os conce-

llos de A Cañiza, As Neves, Covelo e o Concello de Mondariz.

Con todo, durante o desenvolvemento do proxecto, procurarase a incorporación do sector empresarial vinculado ó ámbito Viño e Froita, como poden ser produtores, adegas, empresas transformadoras, comercializadoras, etc.

QUERES MÁIS INFORMACIÓN?



GDR Condado Paradanta

T. 986 663 329
gdr@gdrcondadoparadanta.gal
www.gdrcondadoparadanta.gal



GDR Mariñas Betanzos

T. 981 669 541
info@marinasbetanzos.gal
www.marinasbetanzos.gal



MOBILIZACIÓN DE TERRAS AGRARIAS



ENTIDADES COLABORADORAS





QUE É?

Viño e Froita é un proxecto de cooperación Leader promovido polo GDR Condado Paradanta e o GDR Mariñas Betanzos, que está cofinanciado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) da Xunta de Galicia, fondos Feader e a Administración xeral do Estado.

CAL É A SÚA FINALIDADE?

O seu obxectivo principal é contribuír e favorecer a ordenación do territorio, o aproveitamento das terras agrarias abandonadas e a mitigación dos danos causados por pragas, todo elo enmarcado nos sectores vitivinícola e frutícola dos territorios de actuación dos Grupos de Desenvolvemento Rural promotores.



POR QUE VIÑO E FROITA?

Porque o sector vitivinícola é un dos sectores máis dinámicos do rural galego, capaz de crear as máis fortes relacións entre agricultura, patrimonio, paisaxe, cultura e turismo. Mostra do anterior é que Galicia conta con cinco Denominacións de Orixe (D.O.P), entre as que se atopa a D.O Rías Baixas, dentro da cal se enmarca a zona do GDR Condado Paradanta. Tamén existen

catro Indicacións Xeográficas Protexidas (I.X.P), sendo a do Viño de Bentanzos a que ocupa este proxecto.

Ademais, territorios como os que competen a esta iniciativa, que teñen boas aptitudes e tradición no sector frutícola queren estudar novas posibilidades de emprendemento relacionado coa froita.

CALES SON AS SÚAS LIÑAS DE ACTUACIÓN?

1 Ordenación do territorio:

- Elaboración dun estudo básico das posibilidades de crecemento das explotacións así como das zonas máis aptas para implementar algún instrumento da Lei de Recuperación da Terra Agraria. Elaboración de información xeográfica (SIX).

2 Estratexias emerxentes, ambientalmente sostibles, para o control de pragas (velutina, paxaros e xabaril):

- Estima de danos provocados por V. Velutina en viñedos.
- Valoración do impacto potencial de V. Velutina en distintas zonas vitícolas.
- Protección física das vides fronte a danos por aves e paxaros e protección dos viñedos fronte as aves e xabarís a través de dispositivos e cultivos disusarios e o uso de valados.

- Detección de niños de V. Velutina e trampeo primaveral no perímetro do viñado.
- Trampeo de V. Velutina no viñado tras o envero.

3 Outras alternativas para as terras agrarias abandonadas; cítricos e maceiras:

- Identificación de cultivos alternativos para os territorios, deseño de plans de empresa e posible campo de ensaio.
 - Identificación de cítricos no Condado Paradanta.
 - Identificación da mazá no GDR Mariñas Betanzos.

4 Promoción e divulgación:

- Xornadas divulgativas e formativas entre os sectores e a veciñanza.
- Elaboración de guías.